Nº 8- Tempada 17/18

EXEMPLAR GRATUITO

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE
CANDELAS

FOGAR DO BREOGÁN

En pé dende 1966

Ricardo Úriz Marca xogada nun cuestionario rápido

#DerbiRomano para despedir o 2017

DEPORTE GALEGO · GALICIA SAUDABLE · Concello de Lugo · HYUNDAI DITRAMOTOR · CAIXA RURAL GALEGA · polusa · Estrella Galicia · CANDELAS · hummel

O rival

22 JESSE CHUKU
Ala pívot
15/03/1993
Nacionalidad: GRAN BRETAÑA
Altura: 203 cm

10 TREVOR DONALD COONEY
Escolta
01/08/1992
Nacionalidad: ESTADOS UNIDOS
Altura: 193 cm

21 DMITRY FLIS FLIS
Ala pívot
22/10/1984 SOVETSK KALININGRADO
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 203 cm

31 JONATHAN GILLING
Alero
29/06/1991
Nacionalidad: DINAMARCA
Altura: 203 cm

8 ANGEL VICTOR HERNANDEZ MARTOS
Escolta
18/05/1991
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 195 cm

16 EDUARDO HERNANDEZ SONSECA LORENZO
Pívot
21/06/1983
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 212 cm

- ZACHARY MICHAEL MONAGHAN
01/12/1992
Nacionalidad: ESTADOS UNIDOS
Altura: 188 cm

41 SERGIO OLMOS PARDO
Pívot
21/09/1986
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 213 cm

6 JORGE SANZ RODRIGUEZ
Base
04/01/1993 Madrid (Madrid)
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 191 cm

15 MICHAEL TORRES CUEVAS
Base
24/11/1994
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 186 cm

- PABLO FERREIRO COSTAS
24/06/1998
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 187 cm

Entrenador
GUSTAVO ARANZANA MENDEZ
23/03/1958

- Equipo con moito talento que comezou titubeante a competición pero coa chegada de Monaghan atopou a regulariedade.
- Buscan o xogo rápido e non teñen problema e lanzar a canastra ás primeiras de cambio xa que contan con grandes tiradores.
- De non poder correr organizan o seu xogo de xeito moi estructurado buscando saídas para os seus tiradores.
- Cargan moito o rebote ofensivo .
- Xogadores como Monaghan- un dos mellores exteriores da liga-, Sonseca ou Olmos -grandes e duros-, Flis -un dos mellores"catro" da competición, ou Cooney - excelente tirador-, son so algunhas pezas dun equipo moi completo e chamado a estar arriba.

6 €
ENTRADA XENÉRICA

XUVENLUGO

...CON QUIO O ESQUIO!

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS DE LUGO

A MELLOR MANEIRA DE PASALO BEN NESTE NADAL!

DATAS DE APERTURA:

DECEMBRO 2017: **1-3, 6-10, 15-17, 22-23 E 25-30.**

XANEIRO 2018: **1-4 E 6-7**

ATRACCIÓNS, COCHES DE CHOQUE, NORIA, INCHABLES, ESPAZO INFANTIL, TOURO MECÁNICO, PISTA DE SLOT, ...

Horario: 16:30-21:00 h

Prezo especial para asociacións, colexios e concellos con reserva anticipada:
Tel. **982 285 200** / E-mail **comercial@pfclugo.com**

Bono grupo 10 persoas: **50 €** (válido para un só día)

DEPUTACIÓN DE LUGO
Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes

Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

fundación **feiras e exposicións** de lugo

Xogada rápida con RICARDO ÚRIZ

Un vicio: o chocolate

Unha virtude: a constancia

Un defecto: son bastante cabezón

Un medo: defraudar aos meus

Unha manía: seguir sempre as mesmas rutinas

Qué pensa cando ve unha foto súa? ... esa é boa, ás veces véxome forte nelas (risas)

Cómo era de neno? inquedo

Algo sen o que non podería vivir: a miña familia

Algo que deteste: inxustiza

Alguén a quen admire: ás persoas que o dan todo polos demais

Mellor momento do día: a sesta

Unha comida: chuletón

Que sabe cociñar? Un pouco de todo

Un recuncho de Lugo: A Muralla

De non ser xogador sería... arquitecto

Qué música lle gusta? A música negra e o " pachangueo"

Primeira lembranza nisto do baloncesto: un torneo que xogamos en Maristas de Pamplona cando era moi novo.

A xogada perfecta é... unha boa defensa con roubo de balón e finalizar o contraataque nun mate.

Asistencia ou canastra? asistencia

O final perfecto? Gañar o último partido da casa diante dos teus afeccionados.

Como lle gustaría ser lembrado? Como un xogador que se implicou ao máximo en cada proxecto no que se enrolou.

Que pregunta bota en falta neste cuestionario?
Ocórrenseme moitas...para outro cuestionario?

Os imprescindibles de Ricardo Úriz

Literatura

Cine

Los pilares de la Tierra (1989)



Éxito literario de Ken Follet. Novela histórica ambientada no século XII en Inglaterra con elementos como a arquitectúra gótica e as peregrinacións como fío condutor.

Huracán Carter (1999)

Denzel Washington protagoniza un filme estreado en 1999 sobre a hisstoria real de Rubin "Huracán" Carter, un boxeador acusado de triple asasinato que o levan a cumprir dúas décadas de cadea.



NO VAS A ACABAR ESA DISCUSIÓN DE DEPORTE EN UNA SOBREMESA. NECESITAS MUCHAS MÁS...

POR ESO CANDELAS TE REGALA 1 AÑO DE CAFÉ GRATIS.

¡Entra en **felicessobremesas.com** y **participa!**

FELICES FIESTAS & FELICES SOBREMESAS

CANDELAS

Lugo, Breo e viceversa

Moi agradecido ó club do meu corazón por ofrecerme na súa revista este espazo no que compartir, a partir de agora, un chisco dos meus sentimentos pola cidade máis fermosa e polo equipo máis fermoso do mundo.

Hai 3 anos regresei a Lugo tras unha década de vivencias noutros lugares do mapa, e especialmente dende entón (antes tamén o facía, pero menos) afeccioneime a compartir nas redes fotografías e historias do fantástico escenario bimilenario –e máis que iso- no que temos a fortuna de vivir os nosos días.

A miña vida está chea de breoganismo: nacín, medrei, e actualmente volvo vivir no lugar que se ve nesta primeira fotografía que elixín compartir. O Carme, o Miño, as Costas do Parque Rosalía, a rúa de Santiago e o Pavillón Municipal son o que eu chamo o centro do meu universo. Por se fora pouco nacín en setembro do 1985... plena época dourada da historia celeste.

Son guía turístico e un convencido de que non podemos vivir nun sitio mellor. Que temos que saír e descubrir mundo, pero que tamén temos que desfrutar dos tesouros que nos arrodean.

Turismo local, turismo de barrio a barrio! Cada día pode ser unha aventura, e iso é o que pretendo transmitirvos a partir de agora neste recuncho: a preciosa aventura de vivir en Lugo.

GUIDO ÁLVAREZ PARGA @guidoalvarezp
Guía Oficial de Turismo de Galicia e axente de viaxes en Galicia Infinita

Tito Díaz

Por Alberte López Muñiz

Como é a nova vida de Tito?

Pois son seleccionador galego cadete, agora mesmo estou concentrado. Temos a partir do día 2 o campionato de España de Valladolid. E vexo moito baloncesto, sigo sobre todo Leb Ouro, pero tamén Prata, ACB, Euroliga... Cando es adestrador céntraste moito no teu equipo e no rival da semana, pero agora abro moito o campo. E estou preparado por se nalgún momento xurde algo, aínda que o normal é que non xurda.

Tivo opcións de adestrar en Leb ou noutras categorías? Esta Tito no mercado?

Un adestrador profesional está sempre no mercado, sempre preparado por se xurde algo. O das ofertas é un tema de axente, pero despois da crise o baloncesto é máis difícil que haxa cambios durante a tempada. Máis ben estou preparado de cara ao ano que ven.

Trala súa saída de Coruña, unha afección un chisco fría ás veces como a de Coruña, manifestouse totalmente a favor de Tito. Como te deixou? Foi dolorosa esa saída?

Xa o dixen cando pasou. Non foi un cese nin nada, decidiuse un cambio. A min sorprendeume porque estabamos facéndoo ben, cunha traxectoria ascendente e consolidando un estilo. Unha vez que non sigo, queda mirar para adiante, é inútil darlle voltas ao que non podes controlar. Para min foi unha sorpresa e deume tristeza non poder rematar o comezado. Fixemos entre todos o máis difícil, levantar o baloncesto en Coruña.

Está entón Tito seguindo a actualidade de ambos clubs?

Si, a liga sígoa, non vexo especificamente a ningún equipo, se non que trato de ver partidos de cada equipo e estar ao tanto.

Que metas augura para cada un deles?

Ao Breogán véxoo claramente onde está, pelexando polo ascenso. Manteñen un esquema importante e melloraron posicións como a de base con dous xogadores moi complementarios, destacar a continuidade de Salva e Sergi nos aleiros e a chegada de Lofberg paréceme unha grande fichaxe, á espera de ver como se adapta Fuzaro que tivo problemas de lesións. Dentro é moi boa a continuidade de Matt Stainbrook e **as fichaxes son moi importantes . Sulejmanovic, Guillem e Demetrio teñen e**xperiencia. Matt e Guillem son dous gladiadores, e os 4 son moi grandes. Este ano reforzouse ben e o adestrador sigue, véxoo claro candidato

En canto a Coruña chegou Aranzana e seguen xogadores importantes como Sergio e Ángel, e a volta de Zach dálles outro **aire. Penso que hai máis nomes propios con coñecemento da liga que outros anos en Coruña: Dimitri, Edu Hernández Sonseca ou o propio Jorge Sanz... É un equipo con m**áis presencia de xogadores importantes que coñecen a liga, expertos, e que por tanto son un equipo difícil de gañarlle. Teñen a capacidade para ganarlle a calquera, se ben de momento lles falta algo de regularidade.

Deixou Tito en Coruña a fórmula máxica para gañar a Breogán?

(Ri) Pois de 13 encontros oficiais gañamos 9.

Coruña xogará moi motivado, con pouco que perder e moito que gañar. É un encontro moi importante **para ambos, pero neste tipo de partidos os xogadores** de Leyma Coruña estarán especialmente motivados.

Ten o corazón partido para esta xornada ou ten un favorito?

Non, procuro seguir sendo adestrador, dende a obxectividade. Son breoganista ante todo e quero que ascenda a ACB, e se é perdendo con Coruña pois vale, pero por afección e club, merece estar en ACB: ten que volver xa, xa toca.

Neste partido, que gañe o mellor, son dous equipos galegos e en Coruña sentínme moi querido e estoulles moi agradecido. Que gañe o mellorl

Pode contarnos algo (anécdota) sobre algún xogador actual de cada equipo?

Pois a salva recórdoo sempre facendo bos partidos contra nós. Nas preparacións dos partidos sempre tiña moita atención sobre el.

Dos meus, Ángel é un xogador que marcaba o termómetro, é un xogador de intanxibles pero se está acertado marca a diferenza. É capaz de facer un moi bo partido metendo 3 puntos, pero cando está acertado aumenta o valor engadido. E logo a Zach ambientes como o que vai haber en Lugo gústanlle moito, vai tratar de ser protagonista. A Edu Sonseca tamén lle gustan eses partidos E imaxino que Gilling vai querer demostrar mais por xogar contra o seu ex equipo.

Nun plano máis persoal, baloncesto aparte, que outras afeccións ten Tito Díaz?

A primeira é a familia, teño 4 fillos medrando, dedícolle moito tempo e máis agora que non adestro aproveito para estar na casa. Curiosamente, gústame moito viaxar, e vou moito á mariña de Lugo. Tamén dedico moito tempo á lectura, novela, ensaio, biografías interesantes... E non me da para moito máis.

Unha promesa para a afección lucense se a tempada acaba con final feliz?

Pois eu quero estar o último partido de liga en Lugo celebrando. Prometo non faltar sempre que poida, como un afeccionado e breoganista máis.

Punto de encontro no centro da cidade

O Breogán conta, ata pasadas as festividades de Reis, cunha tenda e punto de atención a aboados na Rúa Progreso.

Excepcional recibimento por parte dos afeccionados desta iniciativa que leva en marcha dende antes de Nadal, e onde os interesados poden facerse co novo merchandising do Cafés Candelas Breogán, como camiseta de xogo titular e reserva, suadoiros, camisolas reversibles de adestramento, bufandas, polos e moito máis. Tamén están a disposición os produtos do patrocinador oficial Cafés Candelas como o café ou as infusións, e é posible facer o abono de segunda volta.

O horario de atención é de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 20:00 horas.

1	30/09/2017 - 20:00h	83 - 71	
2	01/11/2017 - 18:30h	84 - 85	
3	10/10/2017 - 20:45h	85 - 63	
4	15/10/2017 - 18:00h	73 - 86	
5	21/10/2017 - 20:00h	101 - 73	
6	27/10/2017 - 21:00h	79 - 83	
7	05/11/2017 - 18:00h	97 - 69	
8	10/11/2017 - 21:00h	70 - 74	
9	18/11/2017 - 20:00h	98 - 81	
10	26/11/2017 - 18:00h	72 - 81	
11	29/11/2017 - 20:45h	93 - 80	
12	03/12/2017 - 12:15h	87 - 76	
13	10/12/2017 - 18:00h	97 - 91	
14	16/12/2017 - 20:00h	96 - 50	
15	23/12/2017 - 18:00h	61 - 81	
16	29/12/2017 - 20:45h	-	
17	07/01/2018 - 12:00h	-	

*As xornadas como local marcadas para sábado 19:15 horas retrasaranse ata as 20:00 horas se hai coincidencia co Porta XI Ensino

CLUB BALONCESTO BREOGÁN S.A.D.

Avda. Filarmónica Lucense s/n - Lugo
Tel.: 982 23 10 50 - info@cbbreogan.com

FOGAR DO BREOGÁN

Redacción, fotografía e maquetación @MarquinhosFT
Agradecementos: Unicopia
Colaboradores: @AlberteLpz - @guidoalvarezp

SOUNDCLOUD

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE